



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO
CONSELLO SOCIAL DO 21.05.2020**

LUGAR: Aula virtual: Sala 24 Reitoría – Consello Social -1

DATA: 21.05.2020

HORA DE COMEZO: 12:05 h.

HORA DE REMATE: 12:30 h.

LISTA DE PARTICIPANTES

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez

D. César Blanco Gómez

D^a Mercedes Castro Mouzo

D. José M^a Franco García

D^a Marta Iglesias Bueno

NON PARTICIPAN

D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O xoves, día 21 de maio de 2020, ás 12:05 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18.02.2020).
2. Informe do presidente.
3. Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda para a organización da III Olimpíada galega de Historia "Fai Historia con nós", iniciativa virtual no Campus de Ourense.
4. Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada dende a Vicerreitoría do Campus de Ourense para unha nova edición da convocatoria "Bolsas Ourense exterior".
5. Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada para o patrocinio do equipo de alumnos UVigo Motorsport na competición interuniversitaria europea "Fórmula Student".
6. Acordo que proceda sobre o patrocinio da proposta de elaboración do "Barómetro de empregabilidade da UVigo: estudantes e empregadores", para coñecer a valoración, preparación, necesidades e aptitudes dos alumnos. Realización do estudo e edición.
7. Acordo que proceda sobre a proposta de colaboración coa Vicerreitoría de Captación de alumnado, estudantes e extensión universitaria para poñer en marcha a "Comunidade Alumni-UVigo", a partir da base de datos do Observatorio de egresados.
8. Acordo que proceda sobre a financiación de carpetas-guía de acollida ao alumnado que se incorpore á UVigo no curso 2020/2021, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e relacións institucionais. Asignación económica para a produción e o reparto.
9. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a organización en Pontevedra da "Pont Up Store", prevista para o mes de setembro.
10. Rogos e preguntas.

Agradece o presidente a asistencia dos presentes á primeira reunión telemática desta Comisión, á que se incorpora José María Franco no punto 3 da Orde do día.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18.02.2020).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Dá conta Ernesto Pedrosa das axudas concedidas pola Comisión neste exercicio, e somete a consideración a proposta de non aplicar nesta reunión a redución do 20% ás axudas que dan continuidade a actividades coas que se colaborou en anteriores edicións, dadas as escasas iniciativas que se están a levar a cabo pola situación excepcional que se está a vivir debido ao Coronavirus, e polas dificultades engadidas que atopan para conseguir financiación e patrocinios dende instancias privadas, ao que dan conformidade os asistentes.



PUNTO 3

Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda para a organización da III Olimpíada galega de Historia "Fai Historia con nós", iniciativa virtual no Campus de Ourense.

Convocada pola Facultade de Historia do Campus de Ourense, explica Ernesto Pedrosa que a Olimpíada tenta estreitar as relacións cos ensinos de Secundaria e promover o interese do alumnado pola Historia, dar a coñecer a Facultade e fomentar a relevancia das disciplinas humanísticas para a comprensión do mundo actual. Está dirixida ao alumnado de 4º da ESO de Galicia que competirá nunha proba por equipos que seguirá o esquema pregunta-resposta a través dunha aplicación informática. Tendo en conta as dificultades de atopar patrocinadores nas actuais circunstancias, segundo o exposto no punto dous, mantense a axuda da anterior edición.

- ***Apróbase unha aportación de 1.500 €.***

PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada dende a Vicerreitoría do Campus de Ourense para unha nova edición da convocatoria "Bolsas Ourense exterior".

Resume o presidente que, en colaboración coa UVigo e coa Deputación Provincial, convócase una nova edición das "Bolsas Ourense Exterior", para facilitar que catro alumnos residentes no estranxeiro ou descendentes de emigrantes poidan cursar estudos de mestrado no Campus de Ourense, debendo posuír un título de Grao ou equivalente. Os beneficiarios deberán asistir a un curso de formación en lingua galega no caso de non ter acreditado o seu coñecemento.

- ***Asígnanse 5.500 euros.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada para o patrocinio do equipo de alumnos UVigo Motorsport na competición interuniversitaria europea "Fórmula Student".

Exponse neste punto, consonte a documentación que se achega, que estudantes de universidades de todo o mundo se citan na Fórmula Student, unha competición en circuitos profesionais para a que os estudantes deben deseñar e construír un monopraza e na que se valoran aspectos máis alá da velocidade, como fiabilidade, conducción, plan de negocio ou custos. Os novos retos son preparar un monopraza autónomo (sen piloto), para presentalo en 2022, desenvolver nova tecnoloxía para a automoción, e mellorar nas probas de resistencia. Este ano destaca a implicación e participación activa de alumnos do Campus de Ourense, basicamente de Aeroespacial e Informática. O presidente pide que se teña en conta a relevancia desta circunstancia e as dificultades económicas que atravesan algúns patrocinadores, así como o feito de que sexa o último ano que se lle pode conceder axuda por cumprir xa seis edicións consecutivas co apoio do Consello Social.

- ***Apróbase unha axuda de 4.500 €.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre o patrocinio da proposta de elaboración do "Barómetro de empregabilidade da UVigo: estudantes e empregadores", para coñecer a valoración, preparación, necesidades e aptitudes dos alumnos. Realización do estudo e edición.

A empregabilidade dos estudantes de último curso de Grao da UVigo, as oportunidades e as dificultades que atopan, os aspectos a mellorar e as necesidades do mercado, e aqueles aspectos



que máis valoran os empregadores son algúns dos indicadores que se tratan de descubrir con este traballo de prospección que dirixen as profesoras Gloria Caballero, M^a Jesús López e Paula Álvarez. Engade o secretario que o estudo-enquisa adquire maior relevancia nun contexto no que están aparecendo novos traballos e moitos outros están cambiando, polo que saber o que pensan e piden os empregadores é fundamental, e achegar esas capacidades ao alumnado resulta básico para ter una perspectiva axustada á contorna laboral.

- ***Apróbase unha axuda de 8.600 € para a elaboración, e 2.400 € para a edición do traballo.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a proposta de colaboración coa Vicerreitoría de Captación de alumnado, estudantes e extensión universitaria para poñer en marcha a "Comunidade Alumni-Uvigo", a partir da base de datos do Observatorio de egresados.

Tendo como base o aproveitamento do Observatorio de egresados, cos datos de todos os titulados da UVigo dende a primeira promoción no curso 1989-90, a Vicerreitoría de Captación de alumnado, estudantes e Extensión universitaria promove un novo espazo de encontro para conectar aos antigos alumnos titulados ca institución e abrir canles de participación e interacción cos egresados, a partires da reformulación de vantaxes para os potenciais membros e para a institución. Consonte a documentación que se achega, nunha primeira fase da iniciativa, a desenvolver durante 2020, propónse crear unha imaxe e unha web Alumni-UVigo, en 2/3 idiomas, que permita a inscrición, facilite formación, proporcione orientación laboral e bolsas, ofrezca descontos en servizos e tenda online ou dea conta de eventos ou novas de interese.

- ***Apróbase unha dotación de 14.500 €.***

PUNTO 8

Acordo que proceda sobre a financiación de carpetas-guía de acollida ao alumnado que se incorpore á UVigo no curso 2020/2021, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e relacións institucionais. Asignación económica para a produción e o reparto.

A Vicerreitoría de Comunicación e relación institucionais asume e potencia a iniciativa, que ata agora estaba a desenvolver o Consello Social, de entregar aos alumnos unha carpeta-guía (á que agora se engadirá tamén unha axenda), pero non só aos matriculados por primeira vez na universidade (como facía o Consello Social, con unha aportación de 8.300 €) senón para o maior número posible dos case 20 mil alumnos que cursan estudos na UVigo, incluídos os de mestrado e os de doutoramento. Os contidos das dúas publicacións facilitarán, entre outras informacións, textos e imaxes para coñecer as prestacións da universidade, xunto cos seus datos máis salientables, a súa oferta, os servizos, a docencia, a distribución e as direccións e contactos de interese. Subliña o presidente que o Consello Social supervisará previamente os contidos das dúas publicación para manter a súa presenza e a súa imaxe.

- ***Achéganse 14.500 €.***

PUNTO 9

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a organización en Pontevedra da "Pont Up Store", prevista para o mes de setembro.

Trátase dunha iniciativa de apoio ao emprendemento, aberta a todos os cidadáns, e que centra os seus esforzos no incremento da cultura emprendedora na sociedade. A celebrar en Pontevedra, a cidade acolle durante tres días e en distintos puntos, un programa de actividades con propostas innovadoras para orientar e amosar experiencias no camiño do emprendemento. A



robótica, os videoxogos, o rural, a economía social, as iniciativas sénior ou interxeracionais, entre outros, conforman un amplo abano de sectores presentes. 46 participantes seleccionados na anterior edición, 20 mil visitantes e un orzamento total de 70 mil euros, son proba da dimensión e consolidación do certame, que nesta edición contempla una versión online para estar a cuberto de posibles continxencias. Considerando as dificultades de patrocinio neste intre, de xeito excepcional acórdase manter a axuda da anterior edición. Ernesto Pedrosa aclara que a axuda se concede sempre que a actividade se desenvolva de xeito presencial.

- ***Apróbase unha aportación de 3.600 euros.***

PUNTO 10

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:30 horas do 21 de maio, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias